

**SECRETARÍA XERAL**  
**Xestión de Sesións Plenarias**  
**2024/G010/000013**

**D. JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA, SECRETARIO XERAL, DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)**

**C E R T I F I C A :**

Que polo Pleno da Corporación, en sesión Ordinaria celebrada o luns 4 de novembro de 2024, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

**“10. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA N.º 36, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ARTEIXO.-** Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en sesión ordinaria celebrada o luns 28 de outubro de 2024, emitiu o seguinte **DITAME**:

**“9. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA N.º 36, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ARTEIXO.-**

**“Proposta de Acordo**

**Exp. 2024/G014/000004**

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA N.º 36 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ARTEIXO**

Despois de ver a documentación e os informes que obran no expediente 2024/G014/000004 e ante a necesidade de modificar a ordenanza nº 36 reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

No informe de servizos sociais que se contén neste expediente, expóñense as causas e razóns que motivan esta proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Consta informe de Tesorería con CVD: zAO6sJ5NQVvHIG8vOult conformado polo Secretario Xeral.

Considerando o disposto na normativa de aplicación, se considera que o expediente se está tramitando conforme á lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación polo Pleno, de conformidade co artigo 22.2. d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Diante de todo o anteriormente exposto, analizada e estruturada a información incluída na documentación incorporada ao expediente 2024/G014/000004, na que se propón e xustifica a necesidade de modificar a ordenanza nº 36 reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, esta concellería delegada de economía e facenda que subscribe propón á Comisión Informativa de asuntos económicos, **ditamine favorablemente o seguinte acordo para a súa aprobación polo Concello- Pleno**:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

**PRIMEIRO:** Aprobar con carácter provisional a modificación da ordenanza nº 36 reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, no artigos que se enumeran a continuación que quedarían redactados como segue:

ARTIGO 5.-CONTÍA.

#### 5.1. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO.

Para a determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo terase en conta o establecido nos artigos 59 e 60 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

##### A) **Determinación da capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido usuarias do servizo de axuda no fogar.**

A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o SAF calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

##### B) **Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de libre concorrência (básico).**

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia usuarias do servizo de axuda a domicilio de libre concorrência, o concello regulará o cómputo da capacidade económica de acordo cos seguintes criterios:

Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a que se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria a un dos membros da unidade de convivencia responsables dos menores que forman parte dela.

- a) Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas: ingresos netos que se perciban procedentes de rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.
- b) Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais

das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

- c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.
- d) Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.
- e) Para a actualización da información relativa á capacidade económica, as persoas beneficiarias do servizo presentarán, antes do final do mes de febreiro de cada ano, ou cando se produzan cambios na súa situación inicial ou ben a petición dos Servizos Sociais do Concello, xustificación documental das circunstancias socioeconómicas tidas en conta para o acceso ao servizo.

## 5.2. PARTICIPACIÓN ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.

Para os efectos de aplicación das tarifas tomarase como referencia o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

### A) **Determinación da participación no financiamento das persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido usuarias do servizo de axuda no fogar.**

1. Cada entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ó IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
	De 20 h a 37 h	De 38 h a 64 h	De 65 h a 94 h
Ata			
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %

Capacidade económica	Grao I	Grao II	Grao III
<= 100%	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
> 500 %	6,73 %	14,36 %	21,97 %»

- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de SAF sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.
- En ningún caso o importe da participación económica que debe ingresar a persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.
- No caso de que a entidade local asuma tamén a prestación, ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, das atencións e servizos complementarios do nivel básico do SAF regulados no artigo 14.2 do decreto 149/2013, do 5 de setembro, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarán a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

	GRAO I			GRAO II			GRAO III		
	At. 1*	At. 2*	At. 3*	At. 1*	At. 1*	At. 3*	At. 1*	At. 1*	At. 3*
<b>Capacidade económica (referida a IPREM)</b>	<b>&lt;= 15 horas/mes</b>			<b>&lt;= 28 horas / mes</b>			<b>&lt;= 45 horas / mes</b>		
Inferior ou igual a 100% do IPREM	0.00%	12.87 %	13.76 %	0.00%	22.73 %	24.29 %	0.00%	35.51 %	37.95 %
Mayor do 100% e menor ou igual a 115% do IPREM	5.98%	13.10 %	14.00 %	10.56 %	23.13 %	24.71 %	16.50 %	36.13 %	38.61 %
Mayor do 115% e menor ou igual a 125% do IPREM	7.15%	13.39 %	14.31 %	12.63 %	23.64 %	25.26 %	19.73 %	36.94 %	39.47 %
Mayor do 125% e menor ou igual a 150% do IPREM	7.34%	13.52 %	14.44 %	12.95 %	23.87 %	25.50 %	20,24 %	37.29 %	39.85 %

	GRAO I			GRAO II			GRAO III		
Mayor do 150% e menor ou igual a 175% do IPREM	7.47%	13.61 %	14.54 %	13.18 %	24.03 %	25.67 %	20.60 %	37.54 %	40.12 %
Mayor do 175% e menor ou igual a 200% do IPREM	7.57%	13.76 %	14.70 %	13.36 %	24.29 %	25.96 %	20.87 %	37.96 %	40.56 %
Mayor do 200% e menor ou igual a 215% do IPREM	7.68%	13.83 %	14.78 %	13.56 %	24.42 %	26.09 %	21.18 %	38.16 %	40.77 %
Mayor do 215% e menor ou igual a 250% do IPREM	7.98%	13.96 %	14.91 %	14.09 %	24.64 %	26.33 %	22.01 %	38.50 %	41.14 %
Mayor do 250% e menor ou igual a 300% do IPREM	8.25%	14.06 %	15.02 %	14.57 %	24.82 %	26.52 %	22.77 %	38.78 %	41.44 %
Mayor do 300% e menor ou igual a 350% do IPREM	8.48%	14.16 %	15.13 %	14.98 %	25.00 %	26.72 %	23.40 %	39.07 %	41.74 %
Mayor do 350% e menor ou igual a 400% do IPREM	8.65%	14.35 %	15.33 %	15.27 %	25.33 %	27.06 %	23.85 %	39.57 %	42.29 %
Superior a 400% do IPREM	8.77%	14.48 %	15.48 %	15.48 %	25.57 %	27.32 %	24.19 %	39.95 %	42.69 %

\*Atención 1: Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia.

\*Atención 2: Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

\*Atención 3: Servizo de préstamo de axudas técnicas.

- Establecese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais no resto dos servizos distintos da atención residencial, prestados dentro da carteira regulada polo Decreto 149/2013, de 5 de setembro, que quedará integramente á disposición da persoa perceptora, unha contía equivalente ao 49 % dos ingresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.
- Garantíraselle á persoa usuaria unha dispoñibilidade anual mínima de 2.653€, no suposto de que a persoa usuaria traballe nun centro especial de emprego. Este importe será actualizado anualmente consonte a variación interanual do IPREM.
- As ausencias mensuais, por causas imputables á persoa usuaria nos servizos con dereito a reserva de praza mensual que sexan superiores aos dez días agás o mes de vacacións e os supostos previstos nos artigos 27 e 28 da Orde de 2 de xaneiro de 2012, referidos ao prazo máximo de dous (2) meses de suspensión temporal, deinvicarán un 40% do importe correspondente á participación no seu financiamento en concepto de reserva de praza”.

B) Determinación da participación no financiamento das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia (básico)

1. O servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia prestarase de forma gratuíta naqueles casos nos que a capacidade económica resulte igual ou inferior ao 80% do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM)
2. Para o resto dos supostos establécese unha regulación progresiva de participación económica no custo do servizo que terá en conta o cálculo da capacidade económica per cápita de acordo co establecido no artigo 20 do regulamento do servizo e segundo o recollido na seguinte táboa:

Capacidade económica	Participación no custe do servizo de SAF básico	Contía
Menor de 0,80 do IPREM	0	0
Maior de 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%	1,43 €/hora
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	20%	2,86 €/hora
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	40%	5,72 €/hora
Maior de 2,5 IPREM	60%	8,57 €/hora

O custe do servizo do SAF básico queda establecido en 14,29 €/hora.

3. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
4. Establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA.

A presente Ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno do Concello de Arteixo, será publicada na forma legal establecida e entrará en vigor conforme ao previsto no artigo 70.2 e concordantes da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e comenzara a aplicarse o día 1 de xaneiro 2025, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO:** Expoñer o expediente á información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, así como nun diario dos de maior tirada

da provincia e no BOP (con carácter urxente para que entre en vigor o primeiro de xaneiro), por un prazo de 30 días, como mínimo, para que se poidan presentar as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que de producirse serán resoltas pola Corporación. Tamén se publicará na sede electrónica do Concello

**TERCEIRO:** No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo até entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL e 49 da LRBRL.

**CUARTO:** O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo, e o texto íntegro da modificación da ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, entrando en vigor o día da súa publicación no BOP, e comezará aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

O texto íntegro, coa modificación proxectada, se incorpora como Anexo I.

Máis o anterior esta Comisión ditaminará o que estime máis convinte para os intereses do Concello.

## ANEXO I.

### ORDENANZA REGULADORA N.º 36 DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ARTEIXO

#### ARTIGO 1.-CONCEPTO.

De conformidade co previsto no artigo 127, e segundo as normas contidas no capítulo VI do título I do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, especificado nas tarifas comprendidas no artigo 5, e que se rexerá pola presente ordenanza.

#### ARTIGO 2.-OBRIGADOS AO PAGO.

Están obrigados ao pago do prezo público regulado mediante a presente ordenanza as persoas as que se lles preste o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), calquera que sexa a súa modalidade (dependencia ou libre concorrencia), basándonos no establecido na Orde do 22 de xaneiro de 2009 da Vicepresidencia para a Igualdade o o Benestar pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar ( DOG núm. 22 do 02/02/2009) e o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento ( DOG núm. 63 do 30/03/2012) así como na ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Arteixo.

Se o/a beneficiario/a carecera da capacidade para obrar, a dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre quen exerza de feito o seu coidado.

No artigo 6 da ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar do concello de

Arteixo se regulan e definen as persoas *destinatarias do SAF*.

### ARTIGO 3.-NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGO.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, por mensualidades vencidas.
2. Por parte do Concello e sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa usuaria para que se efectúe o pagamento (domiciliación bancaria). As excepcións a esta regra (domiciliación bancaria) deberán motivarse cun informe dos técnicos de servizos sociais.
3. A finais do mes de febreiro de cada ano, ou antes si se producen cambios na situación das persos beneficiarias do servizo, se lles requirirá, por parte dos Servizos Sociais, para que xustifiquen documentalmente a situación socioeconómica e patrimonial, a efectos de actualizar a súa renda per cápita e o prezo público a aboar.

### ARTIGO 4.-BASE IMPOÑIBLE.

Aos efectos previstos para a aplicación das tarifas do artigo 4 seguinte, establécese o prezo da hora por prestación do servizo de axuda no fogar dependencia en 13,68 euros/hora, determinado como custe unitario do servizo. Non inclúe o IVE que no seu caso houbera que repercutir.

Así mesmo, establécese o prezo da hora por prestación do servizo de axuda no fogar en libre concorrencia ou básico en 14,29 euros/hora, determinado como custe unitario do servizo. Non inclúe o IVE que no seu caso houbera que repercutir.

### ARTIGO 5.-CONTÍA.

#### 5.1. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO.

Para a determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo terase en conta o establecido nos artigos 59 e 60 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

#### **A) Determinación da capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido usuarias do servizo de axuda no fogar.**

A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o SAF calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das



persoas usuarias no financiamento do seu custo.

### **B) Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia (básico).**

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia usuarias do servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia, o concello regulará o cómputo da capacidade económica de acordo cos seguintes criterios:

Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a que se solicite o servizo. No caso de inter- vención con familias, entenderase como persoa usuaria a un dos membros da unidade de convivencia responsables dos menores que forman parte dela.

- a) Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas: ingresos netos que se perciban procedentes de rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.
- b) Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
- c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.
- d) Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.
- e) Para a actualización da información relativa á capacidade económica, as persoas beneficiarias do servizo presentarán, antes do final do mes de febreiro de cada ano, ou cando se produzan cambios na súa situación inicial ou ben a petición dos Servizos Sociais do Concello, xustificación documental das circunstancias socioeconómicas tidas en conta para o acceso ao servizo.

### **5.2.-PARTICIPACIÓN ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.**

Para os efectos de aplicación das tarifas tomarase como referencia o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

#### **A) Determinación da participación no financiamento das persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido usuarias do servizo de axuda no**

**fogar.**

1. Cada entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ó IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
	De 20 h a 37 h	De 38 h a 64 h	De 65 h a 94 h
<b>Ata</b>			
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
> 500 %	6,73 %	14,36 %	21,97 %»

2. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de SAF sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.
3. En ningún caso o importe da participación económica que debe ingresar a persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.
4. No caso de que a entidade local asuma tamén a prestación, ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, das atencións e servizos complementarios do nivel básico do SAF regulados no artigo 14.2 do decreto

149/2013, do 5 de setembro, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarán a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

	GRAO I			GRAO II			GRAO III		
	At. 1*	At. 2*	At. 3*	At. 1*	At. 1*	At. 3*	At. 1*	At. 1*	At. 3*
<b>Capacidade económica (referida a IPREM)</b>	<b>&lt;= 15 horas/mes</b>			<b>&lt;= 28 horas / mes</b>			<b>&lt; = 45 horas / mes</b>		
Inferior ou igual a 100% do IPREM	0.00%	12.87 %	13.76 %	0.00%	22.73 %	24.29 %	0.00%	35.51 %	37.95 %
Mayor do 100% e menor ou igual a 115% do IPREM	5.98%	13.10 %	14.00 %	10.56 %	23.13 %	24.71 %	16.50 %	36.13 %	38.61 %
Mayor do 115% e menor ou igual a 125% do IPREM	7.15%	13.39 %	14.31 %	12.63 %	23.64 %	25.26 %	19.73 %	36.94 %	39.47 %
Mayor do 125% e menor ou igual a 150% do IPREM	7.34%	13.52 %	14.44 %	12.95 %	23.87 %	25.50 %	20,24 %	37.29 %	39.85 %
Mayor do 150% e menor ou igual a 175% do IPREM	7.47%	13.61 %	14.54 %	13.18 %	24.03 %	25.67 %	20.60 %	37.54 %	40.12 %
Mayor do 175% e menor ou igual a 200% do IPREM	7.57%	13.76 %	14.70 %	13.36 %	24.29 %	25.96 %	20.87 %	37.96 %	40.56 %
Mayor do 200% e menor ou igual a 215% do IPREM	7.68%	13.83 %	14.78 %	13.56 %	24.42 %	26.09 %	21.18 %	38.16 %	40.77 %
Mayor do 215% e menor ou igual a 250% do IPREM	7.98%	13.96 %	14.91 %	14.09 %	24.64 %	26.33 %	22.01 %	38.50 %	41.14 %
Mayor do 250% e menor ou igual a 300% do IPREM	8.25%	14.06 %	15.02 %	14.57 %	24.82 %	26.52 %	22.77 %	38.78 %	41.44 %
Mayor do 300% e menor ou igual a 350% do IPREM	8.48%	14.16 %	15.13 %	14.98 %	25.00 %	26.72 %	23.40 %	39.07 %	41.74 %
Mayor do 350% e menor ou igual a 400% do IPREM	8.65%	14.35 %	15.33 %	15.27 %	25.33 %	27.06 %	23.85 %	39.57 %	42.29 %
Superior a 400% do IPREM	8.77%	14.48 %	15.48 %	15.48 %	25.57 %	27.32 %	24.19 %	39.95 %	42.69 %

\*Atención 1: Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia.

\*Atención 2: Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

\*Atención 3: Servizo de préstamo de axudas técnicas.

5. Establecese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais no resto dos servizos distintos da atención residencial, prestados dentro da carteira regulada polo Decreto 149/2013, de 5 de setembro, que quedará integramente á disposición da persoa perceptora, unha contía equivalente ao 49 % dos ingresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.
6. Garantíraselle á persoa usuaria unha dispoñibilidade anual mínima de 2.653€, no suposto de que a persoa usuaria traballe nun centro especial de emprego. Este importe será actualizado anualmente consonte a variación interanual do IPREM.
7. As ausencias mensuais, por causas imputables á persoa usuaria nos servizos con dereito a reserva de praza mensual que sexan superiores aos dez días agás o mes de vacacións e os supostos previstos nos artigos 27 e 28 da Orde de 2 de xaneiro de 2012, referidos ao prazo máximo de dous (2) meses de suspensión temporal, deinvindicarán un 40% do importe correspondente á participación no seu financiamento en concepto de reserva de praza”.

**C) Determinación da participación no financiamento das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia (básico)**

1. O servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia prestarase de forma gratuíta naqueles casos nos que a capacidade económica resulte igual ou inferior ao 80% do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM)
2. Para o resto dos supostos establécese unha regulación progresiva de participación económica no custo do servizo que terá en conta o cálculo da capacidade económica per cápita de acordo co establecido no artigo 20 do regulamento do servizo e segundo o recollido na seguinte táboa:

Capacidade económica	Participación no custe do servizo de SAF básico	Contía
Menor de 0,80 do IPREM	0	0
Maior de 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%	1,43 €/hora
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	20%	2,86 €/hora
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	40%	5,72 €/hora
Maior de 2,5 IPREM	60%	8,57 €/hora

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

O custe do servizo do SAF básico queda establecido en 14,29 €/hora.

3. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
4. Establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Queda derogada a Ordenanza fiscal n.º 14, reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, acordo plenario de 27 de marzo de 2014.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA.

O IPREM para o ano 2014 quedou establecido en 532,51€.

Para os vindeiros anos a súa contía será a que anualmente se estableza nos orzamentos xerais do Estado.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA.

A presente Ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno do Concello de Arteixo, será publicada na forma legal establecida e entrará en vigor conforme ao previsto no artigo 70.2 e concordantes da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e comencará a aplicarse o día 1 de xaneiro 2025, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

Asina dixitalmente na data do documento electrónico.- O Concelleiro de Servizos Económicos.- Emilio Maceiras López.”

Dase conta que obran no expediente os seguintes informes:

- Informe emitido pola traballadora social, Dna. Isabel Rego Cristóbal, en data 14.10.2024, con CVD 27BYGO4MscpiG+wW89ZP.
- Informe emitido pola Tesoureira municipal, Dna. Lucía León Álvarez, en data 21.10.2024, con CVD zAO6sj5NQVvHIG8vOulT.

Deseguido, pola Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 13 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 ALTERNATIVA DOS VECIÑOS de Arteixo

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.”

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Carlos Calvelo Martínez, que se asina dixitalmente en Arteixo por ambos, á data sinalada no documento electrónico, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.